



MESA SECTORIAL 10/06/2011

TRANSFORMACIÓN IES EN CIFP E CAMBIOS DE ENSEÑANZAS

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

DECRETO polo que se transforman IES en CIFP, se fusionan centros educativos e se cambian ensinanzas

Dende o STEG aceptamos e entendemos que sexa a Consellería de Educación e Ordenación Educativa a iniciativa en materia de planificación das ensinanzas: e a súa competencia. Non obstante, non aceptamos como se realizou esta planificación, que denunciaremos por irresponsable e feita con ocultación de datos e realizada ás costas das OOSS, que en reiteradas ocasións demandamos da Consellería información sobre os rumores estendidos ao respecto da transformación dalgúns IES en CIFP que deliberadamente eludiu ofrecer; dos claustros de profesorado e dos Consellos Escolares dos centros afectados, pois algúns equipos directivos non foron convocados á xuntanza na que se lles trasladou aos equipos dos centros directivos a información o mesmo día que a facían pública pola prensa, e do alumnado e das familias, ás que se lles negou o dereito á escoller libremente o centro educativo da súa preferencia para o curso vindeiro. O STEG insiste en que foi unha planificación que se ocultou ás comunidades educativas afectadas na medida en que a Administración actuou sabendo o que ía facer, como demostra o feito de que a última hora se retirasen 89 prazas vacantes da listaxe definitiva de vacantes do CXT, reservándoas para recolocar ao profesorado afectado por este Decreto.

Neste sentido, o STEG entende, e por esa razón denuncia o Decreto que se nos presenta, que as súas consecuencias van ser dunha gravidade que non podemos admitir, pois:

En canto ao alumando non se preveu que a máis de 1000 alumnas e alumnos xa están matriculadas e matriculados nun centro educativo da súa elección se lles obriga a ir a outro que non escolleron; preguntámonos se esta é a liberdade de elección da que fai tanta publicidade o Partido Popular? Denunciamos a falta de planificación na medida en que se isto se tivese feito coa antelación suficiente o alumnado afectado podería terse matriculado noutro centro da súa preferencia.

Por outra banda, a noticia de que se van pechar centros do rural, como o de Palas de Rei cara a Lugo, que obrigará ao alumnado afectado dos concellos de Palas de Rei, Monterroso, Melide e Guntín, a desprazarse á cidade de Lugo, co conseguinte custo para as súas familias que teñen que facerse cargo do desprazamento e os outros gastos que esta medida vai xerar, lévanos a preguntarnos se esta é a forma que ten o goberno popular de coidar o mundo rural, sempre tan discriminado.

En canto ao profesorado entendemos que esta medida vai afectar a preto de 200 docentes, que quedarán sen destino como consecuencia deste Decreto e que, de terse feito con antelación, podería ter concursado e pensar na mellor maneira de solucionar esta difícil situación laboral: puido ter concursado con coñecemento do cambio da súa situación ou, porque non, ter solicitado a xubilación con gratificación –que non sabemos se poderá facelo este curso que vén-.

Por todo o anterior o STEG, demandamos o adiamento da entrada en vigor do Decreto para a transformación destas ensinanzas ao curso 2012-2013 para minimizar o impacto negativo para as familias, o profesorado e o alumnado e que se abra un proceso de negociación, con publicidade, no que sexamos informadas as OOSS e poidamos debatelos coa comunidade educativa.

Unha vez que todas as OOSS coincidimos na mesma demanda e perante a negativa da Administración a adiar a aplicación do Decreto ao ano 2012-2013, o STEG decidiu levantarse da Mesa sectorial de educación xunto coa CIG e UGT.

Por outra parte, o STEG estudará as accións que considere necesarias para defender os intereses de cada unha das comunidades educativas afectadas.